

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 6 DE ABRIL DE 2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día seis de abril de dous mil quince, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde dona Maria Jesús González Roel, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: don Felipe Andreu Barallobre, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Rocio Vila Díaz.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015

A señora presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes que asistiron á citada sesión (non asistiu don Felipe Andreu Barallobre), aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Escrito de dona Maria Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de Unión por Cambre, rexistrado de entrada con data do día 27 de marzo de 2015, co número 0/2675, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende o día 30 de marzo ao 15 de abril do ano que andamos.

- Orde HAP/572/2015, do 1 de abril, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, pola que se establecen as cantidades das subvencións aos gastos orixinados por actividades electorais para as eleccións locais do 24 de maio de 2015. (Boletín Oficial do Estado número 80, do 3 de abril de 2015).

- Resolución do 31 de marzo de 2015, da Secretaria General del Tesoro y Política Financiera, Ministerio de Economía y Competitividad, pola que se actualiza o Anexo I incluído na de 5 de febreiro de 2015, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais, e das comunidade autónomas que se acollan ao Fondo de financiamento a Comunidades Autónomas. (Boletín Oficial do Estado número 79, do 2 de abril de 2015).

- Resolución da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0102: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos, durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre, co obxecto "Pavimentación pista polideportiva municipal en Santa María de Vigo", cun importe de subvención de 5.990,99 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 62, do día 6 de abril de 2015).
- Anuncio da Oficina do Censo Electoral, Delegación Provincial da Coruña, Instituto Nacional de Estatística, no que se publica a relación de seccións, mesas e locais electorais para as vindeiras eleccións locais e autonómicas 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 62, do día 6 de abril de 2015).
- Resolución da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0202: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos culturais durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre, co obxecto "Rehabilitación e adecuación do inmovible Casa Arrigada como biblioteca municipal", cun importe subvención de 5.166,11 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 61, do día 1 de abril de 2015).
- Resolución da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0101: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos, durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre, co obxecto "Escolas de actividade física saúde e actividades de verán", cun importe subvención de 5.932,50 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 61, do día 1 de abril de 2015).
- Resolución da área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Sección de Promoción Económica e Emprego, da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0AYIA: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre, co obxecto "Mellora dos parques infantís de Altamira, O Balado e San Lourenzo (Cambre)", cun importe subvención de 14.990,67 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 61, do día 1 de abril de 2015).
- Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, da Consellería de Sanidade, de residuos sanitarios de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 62, do día 1 de abril de 2015).
- Resolución do 25 de marzo de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 62, do día 1 de abril de 2015).
- Resolución do 25 de marzo de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei

11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 62, do día 1 de abril de 2015).

- Orde do 18 de marzo de 2015, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2014/15, nas universidades do Sistema universitario de Galicia, que por causas sobrevidas e imprevistas teña dificultades económicas para continuar estudos. (Diario Oficial de Galicia número 62, do día 1 de abril de 2015).

- Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal. (Boletín Oficial do Estado número 77, do 31 de marzo de 2015).

- Lei orgánica 2/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, en materia de delitos de terrorismo. (Boletín Oficial do Estado número 77, do 31 de marzo de 2015).

- Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financieira dos partidos políticos, pola que se modifican a Lei orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, a Lei orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de partidos políticos e a Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas. (Boletín Oficial do Estado número 77, do 31 de marzo de 2015).

- Lei orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá. (Boletín Oficial do Estado número 77, do 31 de marzo de 2015).

- Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española. (Boletín Oficial do Estado número 77, do 31 de marzo de 2015).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre aclara que por parte do goberno municipal non se filtrou ningunha acta da Xunta de Goberno Local en relación coa noticia publicada no xornal "La Opinión" do día 31 de marzo do ano que andamos.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que a semana pasada comezaron as obras do campo de fútbol do Dani Mallo e as obras da piscina están cos replanteos, acopios de material, etc.

Igualmente informa que en horario de 9.30 a 12.30 horas hai buses para acudir á piscina de Sada.

A continuación informa que xa se recibiu o proxecto para substituír o terreo de xogo do campo dos Pinares, do Brexo Lema.



Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que hoxe se inicia a contratación dos campamentos de verán de xuventude.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que esta semana se prevé a sinalización vertical e horizontal nas rúas Martín Códax, Estanque de Abaixo e Abeleira.

A continuación, informa que mañá se incorpora ao departamento de Obras e Servizos unha enxeñeira de camiños en prácticas.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 10 de abril se inaugura a exposición "Fotos escritas a mano", de José Luis Fernández Luz.

A continuación, informa que o vindeiro día 11 de abril, ás 17.30 horas no centro sociocultural do Graxal haberá cine infantil, coa proxección da película "The Boxtrolls".

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

A secretaria accidental

Maria Jesús González Roel

Verónica Maria Otero López